



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/27	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	9 de xullo de 2018
Duración	Desde as 20:01 ata as 20:34 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 2 de xullo de 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 2 de xullo de 2018.

Expediente 3390/2018. Informe da Policía Local para mellora da sinalización dos xulgados de Cangas

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe emitido en data 28.06.2018 pola Policía Local, referente a mellora da sinalización dos xulgados de Cangas, que é como segue:

"Que se están a recibir queixas continuas polo acceso de vehículos e o seu estacionamento ao carón do acceso ao garaxe das instalacións dos xulgados de Cangas, o que dificulta que os xuíces, fiscais e secretarios de garda, así como as orzas e corpos de seguridade que acuden ao lugar con detidos ou para traslado de dilixencias non poidan acceder libremente a esa zona reservada e que lles sexa imposible o estacionamento no lugar.

Por tal motivo deberíase modificar a sinalización vertical existente:

** O sinal (R-101) de Entrada Prohibida, coa lenda de (agás autorizados) inscrita no propia sinal, débese eliminar e substituír por un panel que conteña as seguintes sinais:*

** Sinal (R-101) entrada prohibida e sinal (R-308) de estacionamento prohibido, con inscrición complementaria (excepto xuíces, fiscais e secretarios de garda e forzas e corpos de seguridade)*

Co obxecto de que se poidan identificar os vehículos con acceso autorizado, estes terán que por no salpicadeiro do seu vehículo de forma visible, unha autorización do xulgado conforme se trata dun vehículo das autoridades referidas que se atopan en servizo de garda. As forzas e corpos de seguridade non sería necesario esta autorización posto que se trata de vehículos rotulados facilmente recoñecibles e identificados.

** O sinal (R-307) coa inscrición (de 08:00 a 15:00 agás autorizados con tarxeta) débese eliminar pola seguinte:*

Concello de Cangas



Concello de Cangas

** Novo sinal (R-307) con panel complementario coa lenda 'de 08:00 a 15:00 horas, de luns a viernes, excepto autorizados con tarjeta'. Este sinal co panel complementario, debe ir colocado no bordo exterior da beirarrúa, no inicio do primeiro estacionamento reservado que está pintado de amarelo na avenida de Galicia. O que conleva un reservado de 4 prazas de estacionamento para autorizados con tarxeta.*

Débese reforzar a sinalización horizontal, co repintado de amarelo das prazas reservadas na avenida de Galicia, tanto as de autorizados, como as de avogados da quenda de oficio".

Expediente 3487/2018. Proposta-informe da inspección tributaria de solicitude de ocupación vía pública para rastro de antigüidades

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta-informe de data 05.07.2018 da inspección de taxas do departamento de xestión de ingresos tributarios, referente a solicitude ocupación via pública para rastro de antigüidade presentada por J.A.G.M., que é como segue:

"Asunto: ocupación de espazo público para un rastro de antigüidades e coleccionismo no Paseo Xardíns do Señal

Informe:

Con data de rexistro de entrada de 3 de maio de 2018, J.A.G.M., con nº NIF X e con enderezo en rúa Cabo da Raña, nº 15–Xunqueiras (36844-Pazos de Borbén), solicita autorización para a instalación dun rastro de antigüidades e coleccionismo, como está a facer estes últimos anos, a instalar no Paseo Xardíns do Señal desde o día 5 de agosto de 2018 co horario de 9:00 horas a 21:00 horas, e cunha superficie aproximada de 60 metros.

Tendo en conta a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública (BOPDEPO nº 248 de 30 de decembro de 2013).

Proposta: ocupación de espazo público por parte de J.A.G.M., para un rastro de antigüidades e coleccionismo no Paseo Xardíns do Señal nunha superficie aproximada de 60 metros durante o día 5 de agosto de 2018, co horario de 9:00 horas a 21:00 horas".

Expediente 3139/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3139/2018.- Outorgar a F.M.N.P., con enderezo en rúa Fontaiña, nº 5-Aldán, licenza de obras para construír unha piscina de 12,50 m2., no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico R.S.C., de data xuño de 2018. Deberá formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a tres mil noventa e sete euros con oitenta céntimos (3.097,80 €).

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 2442/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2442/2018.- Outorgar a S.R.M., con enderezo nas Xegadas, nº 7-Darbo, licenza de obras para no referido lugar (referencia catastral X), construír unha piscina de 21,91 m2., de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico R.S.C. de data maio de 2018. Unha vez finalizada a obra deberá formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a catro mil catrocentos doce euros con trinta e cinco céntimos (4.412,35 €).

Expediente 2302/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2302/2018.- Outorgar a A.C.H., con enderezo en Lages do Pico, nº 5-Balea-Darbo, licenza de obras para no referido lugar, construír unha piscina de 24,00 m2., e regularización de pendente (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto F.B.P., de data maio de 2.018 e documentación complementaría de xuño de 2018. Deberá cumprir co sinalado na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a seis mil douscentos cincuenta euros (6.250,00 €).

Expediente 3065/2018. Prórroga de licenza de obras

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 25.181 (3065/2018).- LICENZA MUNICIPAL Nº 25.350.- Outorgar a O.F.J. E R.F.P., con enderezo na Avda. de Vigo, nº 136-2ºportal-1ºI-Cangas, prórroga da licenza de obras nº 25.350, para a construción de unha vivenda unifamiliar no lugar de Xielas-Coiro; concédese un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras incluídas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 145.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Expediente 3291/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3291/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS “NOVO AREAL”, para reparación de fachada dun edificio



Concello de Cangas

sito en rúa Concepción Arenal, nº 17-Coiro, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto Juan A. Fernández Martínez (referencia catastral X). O presuposto de execución das obras ascende a sete mil novecentos euros (7.900,00 €).

Expediente 3012/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe-proposta da xefa de urbanismo, emitido en data 04.07.2018, referente a arquivo do expediente de obra menor nº 3012/2018, que é como segue:

"Visto que en data 4 de xuño de 2018, P.R.G. presenta comunicación previa de obras menores para pintar o local sito na Avda. Marín, nº 25 e en data 26 de xuño de 2018 presenta a renuncia á solicitude de obra de pintado.

Visto o informe do inspector de data 3 de xullo de 2018 que dí: 'Presentado no lugar non podo acceder o local para o que se solicita a comunicación previa por atoparse pechado, aparentemente desde hai anos.

Ante o descoñecemento da realización de pintado interior solicitado, propono o arquivo do expediente nº 3012/2018'.

Visto canto antecede PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Proceder ao arquivo do expediente nº 3012/2018 por desestimento da solicitude, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común, visto o informe do inspector de obras obrante no expediente".

Expediente 2499/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2499/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.S.P., con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Florida, nº 3-Darbo, titular do DNI nº X, para a construción dunha edificación adxetiva e cerramento lateral de predio en parcela (referencia catastral X), sita en Rúa Florida, nº 3-Darbo, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a oito mil cento oitenta e dous euros con cincuenta e oito céntimos (8.182,58 €).

Expediente 2984/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 2984/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por F.V.F., con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Martínez Garrido, nº 86-4ºA-Vigo, titular do DNI nº X, para limpeza e hidrofugado de fachada de edificación sita en rúa Hérois de 1617, nº 37-San Roque (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a setecentos vinte e sete euros con trinta e catro céntimos (727,34 €).

Expediente 3121/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3121/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.P.G., para reparación de cuberta en edificación adxectiva, sita no lugar de Baixada ao Muelle, nº 30-Espiñeira-Aldán, nunha superficie de 40,00 m2., (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico S.G.F. de data xuño de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil catrocentos euros (2.400,00 €).

Expediente 2939/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2939/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por CC.PP. RAPADOURO, titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Camiño Rapadouro, nº 2, para reparación de terraza (substitución impermeabilización) en edificación sita en Camiño Rapadouro, nº 2 (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a vinte e catro mil seiscentos noventa e seis euros (24.696,00 €).

Expediente 2731/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2731/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por X.H.L., con enderezo a efectos de notificacións en Bouza da Laxe, nº 2-O Hío, titular do DNI nº X, para acondicionamento de local para clínica deportiva de parcelas sitas en Avda. Lugo, 49-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a douscentos vinte e nove mil cincocentos setenta e oito euros (229.578,00 €).

Unha vez finalizadas as obras deberá presentar certificado final de obras e comunicación de inicio de actividade.

Expediente 3030/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 3030/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.P.G.P., para un cerramento de 66,63 ml., sito no lugar de Cunchido-Darbo, de conformidade coa documentación presentada (referencia catastral X). O presuposto de execución das obras ascende a mil setecentos cincuenta e dous euros con trinta e sete céntimos (1.752,37 €).</p> <p>A cesión de terreo para o vieiro municipal realizouse con data 6 de febrero de 2012.</p>	

Expediente 1617/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 1617/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.P.F., con enderezo a efectos de notificacións en Estrada de Bueu, nº 82, titular do DNI nº X, para demoler un pequeno cobertizo (galiñeiro e cabina de WC) así como, substituir o material de cubrición dunhas cortes e adecentar os acabados exteriores dos elementos propios de urbanización nun terreo sito en Estrada de Bueu, nº 82 (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil catrocentos trinta e seis euros con cincuenta e tres céntimos (3.436,53 €).</p>	

Expediente 3045/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 3045/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por A.P.P., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Urbanización Airiños do Monte, nº 28-Darbo, para acondicionamento de local dedicado a pastelería na Praza do Arco, nº 4-baixo (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto José Manuel Pastoriza Rodas en data xuño de 2018. O presuposto de execución material ascende a once mil cento setenta e oito euros (11.178,00 €).</p>	

Expediente 2986/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE Nº 2986/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por B.A.A., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Vigo, nº 10-portal 1-1ª, titular do DNI nº X, para reforma de cociña e salón, tirando dous tabiques, en edificación sita na Avda. de Vigo, nº 10-portal 1-1ª (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil douscentos oitenta e nove euros con trinta e cinco céntimos (3.289,35 €).</p>	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 2982/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2982/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.R.S., con enderezo a efectos de notificacións en Parada, nº 42B-Coiro, titular do DNI nº X, para reforma de baño na parcela sita en Parada, nº 42-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a seiscentos euros (600,00 €).

Expediente 710/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 710/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS LONGÁN SUR 34, para reforma de cuberta e limpeza de fachadas de edificio sito no lugar de Longán, nº 34-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a trinta e dous mil setecentos oitenta e dous euros (32.782,00 €).

Expediente 3363/2018. Comunicación previa de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3363/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por G.B.S., con enderezo a efectos de notificacións no lugar de Santa Marta, nº 9-Darbo, titular do DNI nº X, para inicio da actividade de taller de costura e confección artesá, exposición e venda no local sito en rúa Santiago, nº 1-baixo (referencia catastral X), segundo o informe favorable da arquitecta de data 29 de xuño de 2018.

Expediente 2026/2018. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2026/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.R.L., con enderezo a efectos de notificacións en rúa A Ramorta, nº 91-Bueu, titular do DNI nº X, para cambio de titularidade de taberna no local sito en rúa Saralegui, nº 14 (referencia catastral X), que ata agora rexentaba A.M.C., segundo o informe favorable da arquitecta de data 29 de xuño de 2018.

Expediente 2211/2018. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2211/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "ISABEL



VILLAFIN SL", con enderezo a efectos de notificacións en rúa Noria, nº 17-2º esq.-Cangas, titular do CIF nº X, para cambio de titularidade da actividade de zapatería no local sito na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 21 (referencia catastral X), que ata agora rexentaba "Freire Souto SL", segundo o informe favorable da arquitecta de data 29 de xuño de 2018.

Expediente 1758/2018. Proposta da concelleira de obras e servizos para aprobación de memoria valorada da renovación de redes de abastecemento e saneamento da rúa Baiona e solicitude de inclusión no plan de investimentos

Favorable

Tipo de votación:
Ordinaria
A favor: 7, En contra:
1, Abstencións: 0,
Ausentes: 0

Vista a proposta de data 5 de xullo de 2018 da concelleira de obras e servizos, relativa ás obras de renovación das redes de abastecemento e saneamento da rúa Baiona.

Visto o informe de medidas urxentes da arquitecta municipal I.M.F., directora de obra de "Humanización na rúa Baiona e Méndez Núñez" de data 10 de abril de 2018, indicando que durante a execución das obras adxudicadas á empresa "Construcciones Vale", se detectaron deficiencias nas redes de abastecemento e saneamento dun tramo da rúa Baiona, sendo necesaria actuación de urxencia por parte da empresa concesionaria do Ciclo Integral da Auga en Cangas, para a renovación destes tramos de rede durante a execución dos traballos do proxecto de humanización.

Vista a memoria valorada de renovación das redes de abastecemento e saneamento da rúa Baiona presentada o 10.05.2018 con número de rexistro [2018-E-RC-5167](#) pola "UTE Gestión Cangas", concesionaria do servizo do Ciclo Integral da Auga.

Visto o informe favorable da arquitecta municipal I.M.F., da memoria valorada presentada pola "UTE Gestión Cangas", de renovación das redes de abastecemento e saneamento na rúa Baiona, emitido en data 15.06.2018 co número 2018-0007, indicando que as obras descritas na memoria son as necesarias para subsanar as deficiencias atopadas durante as obras de "HUMANIZACIÓN NA RÚA BAIONA E MÉNDEZ NÚÑEZ", que se están a realizar con cargo ao "Plan de concellos 2017" da Deputación Provincial de Pontevedra.

Visto o procedemento para a execución das obras por conta da adxudicataria establecido nas cláusulas 10 e 11.4 do prego de prescricións técnicas que rexe o contrato relativo ao ciclo integral da auga do Concello de Cangas, que entre outros extremos establecen que a concesionaria deberá levar a cabo as obras de conformidade cos proxectos presentados perante a administración municipal e aprobados por ela, previamente á súa execución.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, por maioría dos asistentes e co voto en contra do concelleiro, Sr. Mariano Abalo Costa, quen xustifica o seu voto por non revisar o expediente, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a memoria valorada de renovación das redes de abastecemento e saneamento da rúa Baiona presentada o 10.05.2018 con número de rexistro [2018-E-RC-5167](#) pola "UTE Gestión Cangas".



SEGUNDO.- Lembrar á "UTE Gestión Cangas", que a designación da dirección de obra e da persoa coordinadora da seguridade e saúde deberá contar o visto e prace do Concello.

Expediente 3513/2018. Proposta da concelleira de obras e servizos para realización de obras no Cemiterio de Cangas

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 05.07.2018 da concelleira de obras e servizos, referente a realización de obras no cemiterio de Cangas, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE OBRAS EN CUBERTA NO CEMITERIO DE CANGAS

1º.- Vista a solicitude en demanda de autorización para a realización de obras de reparación de fendas na cuberta no bloque 6 segundo plano, bloque H na planimetría de marzo de 2017, dos panteóns do cemiterio de Cangas, presentada en data 03.07.2018 por M.F.I., en representación dos propietarios de todos os panteóns do bloque.

2º.- Visto é potestade da Xunta de Goberno Local a autorización destas obras de reparación das fendas para evitar filtracións de auga que danan os panteóns.

3º.- Visto que ao ser obra menor de reparación de fendas pode accederse ao solicitado, elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Autorizar a M.F.I. para a realización das obras de reparación de fendas en cuberta do bloque 6/H no cemiterio de Cangas.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados e aos servizos técnicos do departamento de urbanismo e obras e servizos, para que efectúe o seguimento das obras e instar aos solicitantes á reparación de posibles danos que se poidan producir nos servizos públicos de titularidade municipal afectados por estas".

Expediente 3429/2018. Proposta da concelleira de obras e servizos para aprobar a solicitude de encargo de redación do proxecto das obras de substitución de colector de saneamento na estrada PO 315 Bueu-Cangas (punto kilométrico 9,000-9,250)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Visto o escrito presentado por "UTE GESTIÓN CANGAS" en data 28.07.2018 con rexistro nº 7673, polo que se poñen de manifesto as deficiencias estruturais detectadas no tramo do colector xeral de saneamento na PO-315 ao seu paso por Aldán, punto kilométrico 9,000-9,250, con informe gráfico en CD da situación actual do colector mediante inspección con cámara onde se aprecian as deficiencias, indicando que a solución sería a urxente substitución



íntegra do tramo de colector coa reposición posterior do firme nas condicións que indique a Consellería de Infraestruturas da Xunta, titular da vía.

Vista a proposta da concelleira de obras e servizos relativa ás obras de renovación das redes de abastecemento e saneamento da rúa Baiona, de 5 de xullo de 2018, na que se indica que as deficiencias indicadas provocan afundimentos na estrada que comprometen á seguridade da vía con advertencia da administración titular (Xunta de Galicia) de posibles sancións, así como, a necesidade de actuar na mellora da rede e evitar incidencias que poidan repercutir nesta zona de especial coidado medioambiental (ría de Aldán).

Visto que ante esta situación a "UTE Gestión Cangas", solicita que se lle encargue a redacción do proxecto para a súa aprobación e posterior execución.

Visto que procedemento de execución das obras que se presenta no escrito (requirimento de presentación de proxecto por parte do Concello) non se axusta ao establecido no prego de prescricións técnicas que forma parte integrante do contrato de xestión do servizo público relativo ao Ciclo Integral da Auga do Concello de Cangas.

A Xunta de Goberno Local adopta o seguinte ACORDO:

* Lembrar á concesionaria que o procedemento para a execución das obras por conta da adxudicataria é o establecido nas cláusulas 10 e 11.4 do prego de prescricións técnicas que rexe o contrato relativo ao Ciclo Integral da auga do Concello de Cangas, sen que se estableza a obriga do Concello de encargarse a redacción de proxectos a executar pola empresa concesionaria.

Expediente 3419/2018. Concesión de axuda de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de resolución de data 02.07.2018, para concesión de axuda económica de emerxencia social que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

E.G.G., xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo.

Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de oitocentos vinte e cinco euros (825,00 €) a I.P.P., con DNI nº X".*

Expediente 3500/2018. Concesión de axuda de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de resolución de data 04.07.2018, para concesión de axuda económica de emerxencia social que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

E.G.G, xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo.

Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de mil trinta e seis euros con oito céntimos (1036,08 €), a S.R.G., con DNI nº X".*

Expediente 3460/2018. Concesión de axudas de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de resolución de data 03.07.2018 do concelleiro de servizos sociais, para concesión de axuda económica de emerxencia social, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Tomás Hermelo Álvarez, en calidade de concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do Concello de Cangas.

Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por C.M.P., con DNI nº X, e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica por importe de catrocentos tres euros con trinta e oito céntimos (403,38 €)".*

Expediente 2557/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval

Desfavorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe da tesourería municipal emitido en data 03.07.2018, referente a solicitude de devolución de aval presentada por L.F.M., que é como segue:

"ANTECEDENTES

Primeiro.- *Con data de 21 de abril de 2017, ten entrada polo rexistro municipal (nº 4358), solicitude de devolución de aval, presentada por 'Oziona Soluciones de Entretenimiento SL', con CIF nº X, adxudicataria do contrato da obra 'Parque infantil Choupana' ó transcorrer o*

Concello de Cangas



prazo sinalado.

Segundo.- En data de 15 de setembro de 2017, remítese á empresa interesada copia do informe da arquitecta municipal da mesma data no que pon de manifesto as deficiencias detectadas pendentes de subsanar.

Terceiro.- O 27 de xuño de 2018, ten entrada polo rexistro municipal novamente solicitude de devolución de aval presentada por L.F.M., con NIF nº X, en representación de 'Oziona Soluciones de Entretenimiento SL', con CIF nº X.

Cuarto.- En data de 29 de xuño de 2018 emítese informe da arquitecta municipal que se transcribe na súa literalidade:

'Vista a circular de tesourería na que se peticióna informe por parte desta oficina con respecto á devolución de aval bancario a nome da empresa 'OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL', e examinada, así mesmo, a documentación que se achega nesta, notifícase o seguinte:

As obras de:

- PARQUE INFANTIL CHOUPANA, a día de hoxe teñense detectado varias DEFICIENCIAS PENDIENTES DE SUBSANAR:

** APORTACIÓN DE CERTIFICADO DE HOMOLOGACIÓN DO PARQUE.*

** SUBSTITUCION DE ÁRBOL EN ALCORQUE EXISTENTE EN ZONA PAVIMENTADA DE ACCESO A ZONA INFANTIL DE XOGOS.*

A concellería de obras e servizos realizou reparacións e substitucións de pezas en diversas ocasións, polo que, considero necesario informe de dita concellería para avaluar as deficiencias e as reposicións de pezas realizadas para a súa notificación á empresa e que proceda a substituír as pezas que non estean ben.

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de obra 'Parque infantil Choupana-Darbo', segundo o decreto da alcaldía de data Cangas, 7 de abril de 2015, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL', con CIF nº X, por resultar esta a oferta economicamente máis vantaxosa das achegadas e no: punto" Segundo.- Adxudicar á empresa 'OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL', con CIF nº X, o contrato de obra 'PARQUE INFANTIL CHOUPANA-DARBO' por importe de 114.309,99 € (21% de IVE incluído) coas seguintes especificacións da súa oferta:

**Ampliación do prazo de garantía: 120 meses a maiores dos 12 que recolle o proxecto, polo que esta obra terá un prazo total de garantía de 132 meses'.*

Malia isto é preciso comunicar a empresa ademais das deficiencias, que segundo o contrato de adxudicación asinado das obras ofertaron unha ampliación do prazo de garantía de 120



meses a maiores dos 12 que recolle o proxecto, polo que este prazo aínda non finalizou.

Sendo a data do acta de recepción 28 de outubro do 2015, a garantía rematará o 28 de outubro do 2026.

Así mesmo, considero que é preciso realizar visita ás obras rematadas obxecto deste aval, por parte da propia empresa xunto cos técnicos municipais a comprobar e avaliar conxuntamente o estado e proceder a reparación destas, que se atoparon pendentes de solucionar.

Polo anteriormente exposto, permanecemos á espera de que na maior brevedade posible se subsanen ditas deficiencias se poida proceder a continuación da tramitación do expediente'.

Quinto.- Na tesourería municipal consta a constitución do aval na entidade Banco Pastor por importe de catro mil setecentos vinte e tres euros con cincuenta e cinco céntimos (4.723,55 €), pola empresa 'Oziona Soluciones de Entretenimiento SL', con CIF nº X.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

ORGANO MUNICIPAL COMPETENTE

O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente é a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto na resolución de alcaldía de 2 de xullo de 2015, sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno local.

Con base nos fundamentos expostos e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- Non recoñecer a devolución do aval por importe de catro mil setecentos vinte e tres euros con cincuenta e cinco céntimos (4.723,55 €), depositado pola empresa 'Oziona Soluciones de Entretenimiento SL', con CIF nº X, para a execución do contrato de obra 'Parque infantil Choupana', posto que aínda non transcorreu o prazo de garantía, de conformidade co disposto no informe da arquitecta municipal de 29 de xuño de 2018.

Segundo.- Requirir á empresa para que corrixa as deficiencias que constan no informe da arquitecta municipal.

Terceiro.- Notificar este acordo á empresa interesada".



Concello de Cangas

Expediente 5450/2017. Proposta da Alcaldía para recoñecemento de custas da peza de taxación de custas nº 189/2017 0001 G do procedemento abreviado nº 189/2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment
o

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da alcaldía do día 03.07.2018, referente a recoñecemento de custas da peza de taxación de custas nº 189/2017, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO DE CUSTAS DERIVADAS DA PEZA DE TASACIÓN DE COSTAS Nº 189/2017 0001 G DO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 189/2017, TRAMITADO POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA A INSTANCIA DE ANGEL VÍCTOR MONJAS PORTELA

Visto a tasación de custas de data 12/06/2018 emitida polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no Procedemento Abreviado nº 189/2017 0001 G, a instancia de A.V.M.P., no que se aproba a taxación de custas por importe de catrocentos once euros con corenta céntimos (411,40 €), a cuxo pagamento resultou condenado este Concello.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de catrocentos once euros con corenta céntimos (411,40 €), en concepto de custas procesais, con base no disposto na taxación de custas de data 12.06.2018, recaído na peza de taxación de custas nº 189/2017 001G, tramitado polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, do procedemento abreviado nº 189/2017, instruído a instancia de A.V.M.P.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais correspondentes".

Expediente 1833/2017. Proposta de modificación da mesa de contratación permanente dos órganos de contratación do Concello de Cangas

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 05.07.2018 da alcaldía, para modificación da mesa de contratación permanente dos órganos de contratación do Concello de Cangas, que di o seguinte:

"Vista a actual composición da mesa de contratación permanente constituída mediante acordo da Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 08.02.2016 e publicada no BOPPO nº 38 de data 25.02.2016, modificada posteriormente mediante acordo da Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 24.04.2017 e publicado no BOPPO nº 90 de data 11.05.2017.

Visto o artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), no que se recollen as funcións e composición das mesas de contratación que asistirán aos

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



órganos de contratación das administracións públicas nos procedementos abertos, aberto simplificado, restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación.

Visto o apartado 7º da disposición adicional 2ª da LCSP, na que se recollen as características especiais das mesas de contratación nos ámbitos das entidades locais e en aplicación do réxime xurídico previsto Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

Por todo o exposto anteriormente, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Modificar a composición actual da mesa de contratación permanente, quedando formada do seguinte xeito:

- a) Presidente titular: alcalde-presidente.
Presidente suplente: tenente de alcalde que corresponda.*
- b) Vogal titular 1º: funcionario/funcionaria con habilitación de carácter nacional responsable da secretaría xeral municipal.
Suplente do vogal titular 1º: funcionario/funcionaria ao/á que corresponda a súa substitución accidental.*
- c) Vogal titular 2º: funcionario/funcionaria con habilitación de carácter nacional responsable da intervención municipal.
Suplente do vogal titular 2º: funcionario/funcionaria ao/á que corresponda a súa substitución accidental.*
- d) Vogal titular 3º: funcionario/funcionaria con habilitación de carácter nacional responsable da tesourería municipal.
Suplente do vogal titular 2º: funcionario/funcionaria ao/á que corresponda a súa substitución accidental.*
- e) Vogal titular 4º: funcionario/funcionaria ou persoal laboral que desenvolva as súas funcións en departamentos do órgano de contratación.
Suplente do vogal titular 5º: funcionario/funcionaria ou persoal laboral ao/á que corresponda a súa substitución.*
- f) Vogal titular 5º: concelleiro/concelleira responsable da área á que se refira o obxecto do contrato de que se trate.
Suplente do vogal titular 3º: concelleiro/concelleira do mesmo grupo político que o responsable da área.*
- g) Secretario/secretaria titular: funcionario/funcionaria ou persoal laboral dependente do departamento de apoio xurídico a secretaría, subescala técnico/técnica de administración xeral.
Suplente do/da secretario/secretaria titular: funcionario/funcionaria ou persoal laboral ao/á que corresponda a súa substitución.*

Os membros titulares serán substituídos polos seus respectivos suplentes, sen necesidade de



nomeamento previo.

Para a válida constitución da mesa deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros e en todo caso, o presidente, o/a secretario/a e os dous vogais que teñan atribuídas as funcións correspondentes ao asesoramento xurídico (secretaría xeral) e ao control económico-orzamentario do órgano de contratación (intervención municipal). Todos os membros da mesa terán voz e voto, excepto a secretaria desta que actuará con voz pero sen voto.

Á vista da especialidade que resulte dos correspondentes expedientes de contratación e mediante o correspondente acordo do órgano de contratación ou previsión nos pregos reguladores da contratación, poderanse incorporar á mesa de contratación os empregados públicos especializados que resulten necesarios, segundo a natureza dos asuntos a tratar, os cales actuarán e serán nomeados especificamente para cada contrato co cumprimento das normas que resulten do artigo 326 da LCSP, para garantir a imparcialidade e especialidade técnica dos órganos de asistencia.

Todo o anterior, sen prexuízo de que a mesa de contratación permanente poida incorporar os asesores que estime convenientes en función do obxecto do contrato, os cales actuarán con voz, pero sen voto.

Segundo.- A mesa de contratación permanente asistirá aos órganos de contratación do Concello de Cangas, entre os que se inclúen a Alcaldía, Xunta de Goberno Local e o Pleno.

Terceiro.- Declarar derogados os anteriores acordos de constitución e modificación da mesa de contratación permanente adoptados pola Xunta de Goberno Local nas sesións do día 08.02.2016 (BOPPO nº 38 do 25.02.2016) e do día 24.04.2017 (BOPPO nº 90 do 11.05.2017) respectivamente.

Cuarto.- Notificar este acordo a todos os membros da mesa de contratación e proceder á súa publicación no perfil do contratante dos órganos de contratación do Concello de Cangas e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para a súa entrada en vigor e no portal de transparencia para os efectos oportunos".

Expediente 3312/2018. Proposta da concellería de mocidade para aprobación de bases do II Certame de maquetas de grupos noveis 'MUSICANGAS'

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 27.06.2018 da concellería de mocidade, referente a aprobación de bases da "II Edición do Certame de maquetas de grupos noveis", que é como segue:

"A concellería de mocidade do Concello de Cangas convoca a 'II Edición do Certame de maquetas de grupos noveis', para que grupos e solistas da Comarca do Morrazo, de calquera estilo de música, poidan participar.

A finalidade desta iniciativa é promover, apoiar, incentivar o gusto e a afición pola música estimulando a creatividade artística da mocidade.



As bases que regulan esta convocatoria son as seguintes:

1.- Co fin de promover e difundir a música independente de calquera estilo, convócase o 'II CERTAME DE GRUPOS NOVEIS 'MUSICANGAS'.

2.- Non poderán participar aqueles que teñan na actualidade un contrato discográfico en vigor (admitiranse grupos con traballos discográficos autofinanciados por eles mesmos) nin os gañadores doutros certames.

3.- Cada grupo ou solista deberá presentar un mínimo de DOUS TEMAS (máximo 15 minutos, sendo orixinais en canto á composición de letras e música).

4.- No formulario de inscrición indícanse OS TEMAS, no caso que se presenten máis de dous e serán os que o xurado tomará como inscritos, tendo que ser, orixinais en letra e música e que serán os que se interpreten en directo no concurso.

5.- A maqueta será presentada en formato CD ou USB, ou ben remitindo ás direccións dos enlaces dos temas en youtube. No exterior debe ir o nome do grupo ou solista.

6.- Xunto a maqueta se achegará un DOSSIER que debe conter obrigatoriamente:

- Encabezado co nome artístico, biografía do grupo ou solista, nome dos compoñentes, idade, fotografías e ridder.

IMPORTANTE: incluír correo electrónico, teléfono e dirección postal de contacto.

7.- En ningún caso será devolto o material enviado.

8.- O material deberá ser achegado por correo ordinario antes do día 16 de xullo (non se aceptarán traballos a man) a: Casa da Xuventude- Rúa Real, 29 – 36940 Cangas.

9.- O xurado presidido polo concelleiro delegado de mocidade e voluntariado do Concello de Cangas, estará composto por persoas cualificadas neste campo artístico: 1 técnico de son, 1 técnico de produción, 1 técnico de cultura, recaendo a secretaría na técnica responsable de xuventude. O concelleiro delegado de área será o encargado de nomear aos membros deste tribunal.

10.- Outorgarase un único premio de cincocentos euros (500,00 €) ao gañador e 3 accésits de douscentos cincuenta euros (250,00 €). Estes catro grupos participarán nun festival o día 23 de agosto e a orde de actuación será proposta pola organización do festival.

11.- O xurado poderá declarar deserto calquera destes premios.

12.- Os participantes aceptarán o faio do xurado, sendo este inapelable.

13.- A inscrición e participación neste certame implica a aceptación da totalidade das bases e a propagación dos traballos en medios de comunicación.

14.- O 'Festival MusiCangas', adquire os dereitos de imaxe dos participantes do certame".



Expediente 3511/2018. Solicitud de adhesión á Central de Contratación da FEMP (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 09.07.2018 da alcaldía, referente a solicitude de adhesión á Central de Contratación da FEMP, que di o seguinte:

"A 'Federación Española de Municipios y Provincias' (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno de 28 de enero de 2014, aprobou a creación de unha central de contratación, ao abeiro do previsto na disposición adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local, conforme á redación dada a esta polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sosteñibilidade da administración local.

A central de contratación da FEMP ríxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

O Concello de Cangas está interesado na utilización da central de contratación creada pola FEMP.

En consecuencia, tendo en conta o disposto no artigo 228 da referida Lei 9/2017 e sendo de interese para esta entidade a utilización da central de contratación da FEMP, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas,

ACORDA

PRIMERO.- Adherirse á central de contratación da FEMP, co fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se suscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias destes.

SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de funcionamento da central de contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das entidades locais.

TERCEIRO.- Remitir o presente acordo á 'Federación Española de Municipios y Provincias', para os efectos oportunos".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES



Concello de Cangas

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850